

ANUNCIO

Para os efectos oportunos, publícase a continuación a Resolución da Presidencia da Deputación en relación ás subvencións concedidas dentro do programa do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2017, BOP nº 60 de 14 de marzo de 2017 e posterior modificación, BOP nº 78 de 4 de abril de 2017.

DECRETO: Ourense, 28 de xaneiro de 2019

Visto o expediente de finalización de trámite do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención concedida a entidades sociais emitido pola Área de Benestar de data 28 de febreiro de 2018 en relación ao programa do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de prestación de servizos sociais para o ano 2017, BOP nº 60 de 14 de marzo de 2017 e posterior modificación, BOP nº 78 de 4 de abril de 2017.

Visto o establecido na base décimo terceira da convocatoria relativo a xustificación, no que se establécese que a xustificación da subvención farase empregando os formularios normalizados dispoñibles que se deberán obter, cubrir e validar a través da plataforma.

Considerando o establecido na base décimo sexta da convocatoria relativa ao reintegro ou perda do dereito ao cobro das subvencións e o non cumprimento da xustificación da subvención concedida por parte das entidades a continuación referidas.

DISPOÑO

1º. Declarar a perda de dereito ao cobro da subvención concedida as seguintes entidades a continuación mencionadas:


	CIF	ENTIDADE	PROXECTO	IMPORTE PERDIDA DE DEREITO
1	CIF G-32345274	Asociación O Tres Reinos	Proxecto de actividades de reforzó e actividades extraescolares que permitan a concordancia entre a vida laboral e familiar”	2.500,00 €
2	CIF G- 32013237	Asociación de Padres de Alumnos Casardomato, CEIP Albino Núñez	“Proxecto aulas de atención temprana CEIP Albino Núñez”	1.565,00 €

O listado non será obxecto de notificación individual, que será substituída pola súa publicación na sede electrónica da Deputación Provincial, ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.”

Publícase e advírtese que contra a presente resolución pode interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante a Presidencia da Deputación, no prazo dun mes, como trámite previo ó contencioso administrativo, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado provincial do contencioso administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan simultanear ámbolos recursos a partir de o día seguinte da notificación da mesma.

Ourense, 11 de febreiro de 2019

O VICEPRESIDENTE
(P.D. Decreto 16/07/2015)



D. Rosendo Luís Fernández Fernández